



MATERIAS PENDENTES

Modificacións do traballo debido ás clases non presenciais

MATERIAS PENDENTES	
Xeografía e Historia (XeHi)	
Clases non presenciais - Modificación do traballo	
Alumnado coa materia para recuperar	2°ESO: 6 (Coa materia de 1°ESO-XeHi) 3°ESO: 2 (Coa materia de 2°ESO-XeHi) 4°ESO: 1 (Coa materia de 3°ESO-XeHi)
Contacto / Canle de comunicación	A través de Classroom e correo persoal do profesor
Organización de actividades de seguimento	Boletín de actividades.
Avaliación	<p>Desde o departamento, e debido á excepcionalidade da situación, mantense o resultado das probas presenciais realizadas antes da suspensión das aulas pero proponse eliminar o segundo exame parcial e o exame global que tiñamos pendente para implementar unha recuperación da materia marcada ata a fin das clases presenciais e que se baseará na realización de actividades de apoio e reforzo. Estes exercicios puntuaranse de 0 a 10 , serán remitidos ao alumnado por medios telemáticos e deberán ser enviadas ao profesor polos mesmos medios nas datas establecidas.</p> <p>Os que xa teñan superado o primeiro parcial de pendentes antes da suspensión da docencia presencial, non terán que realizar os exercicios <i>online</i> pois darase a materia por superada.</p> <p>Os que non o teñan aprobado si terán que facer devanditas actividades de maneira obrigatoria. Unha vez realizados os exercicios, a nota acadada representará o 70% da nota final. A esa porcentaxe sumárase a actitude e o interese que representará un 30% sempre e cando a nota conseguida na realización das actividades e/ou exames sexa igual a 3,5 e teña sido entregado todo o material demandado polo profesor en tempo e forma.</p> <p>En canto á actitude, especificábase que se terá presente o interese mostrado polo alumnado ao longo do curso presencial pero tamén no ensino telemático (entrega a tempo dos exercicios, actividades completas, presenta dúbidas, comunicación fluída co profesor dentro das posibilidades...)</p> <p>Se unha/un estudante coa materia suspensa ata a data, non realiza as actividades do programa de reforzo de pendentes establecido durante a suspensión das aulas, será avaliado exclusivamente a partir das cualificacións obtidas nas probas escritas anteriores á fin da docencia presencial.</p>